R levará o 5G con Orange a lugares moi illados de Galicia, a comunidade máis beneficiada do plan *5G Redes moi rurais*

- ***O grupo Orange España resultou adxudicatario provisional dun 70 % deste novo plan do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública: 12,2 M€ para que o 5G chegue mesmo a zonas sen cobertura móbil de ningún operador.***

- ***Co plan 5G Redes moi rurais,* R *encargarase de levar a tecnoloxía máis avanzada de quinta xeración a localizacións moi apartadas de 27 municipios galegos, un 30 % das actuacións da compañía en toda España.***

- ***Diversos lugares de difícil acceso ou especialmente illados das catro provincias galegas gozarán da mellor tecnoloxía 5G para seguir minorando a fenda dixital e que a conectividade e a dixitalización estean tamén ao alcance da poboación rural.***


Venres, 30 de outubro de 2026. En Galicia, un total de **28 localizacións moi illadas de 27 municipios** nas catro provincias galegas gozarán tamén dos servizos de telecomunicacións máis avanzados grazas ao **Plan *5G Redes moi rurais***, do Ministerio de Transformación Dixital, do que resultou adxudicatario provisional Orange España, o grupo do operador galego.

Nunha primeira fase do concurso, á compañía laranxa foille adxudicado un 70 % do orzamento do plan: 12,2 M€ para que a tecnoloxía 5G chegue a zonas que ata a data non teñen cobertura de ningún operador móbil.

Cando se confirme esta adxudicación, a **comunidade galega converterase na principal beneficiada do programa, cun 30 %** das actuacións do grupo en toda España no marco desta iniciativa, que persegue minorar ao máximo a fenda dixital co rural.

Na Coruña, distintos núcleos especialmente apartados ou de difícil acceso de 16 municipios poderán gozar da tecnoloxía de vangarda de quinta xeración; serán, en concreto, A Baña, Arzúa, As Pontes de García Rodríguez, Cabana de Bergantiños, Cedeira, Cee, Coristanco, Dodro, Mazaricos, Melide, Monfero, Negreira, Outes, Trazo, Toques e Val do Dubra.

En Lugo haberá cinco concellos beneficiados: Folgoso do Courel, Vilalba, O Vicedo, Guntín e Triacastela; outros cinco, en Ourense: A Gudiña, Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, Rubiá e O Barco de Valdeorras; e, finalmente, unha localización no municipio de Rodeiro, en Pontevedra.



Para levar a tecnoloxía ata o último recuncho do rural

O Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública lanzou esta **resolución provisional do programa *5G Redes moi rurais***, que se convocou en xullo para as operadoras achegaren a súa tecnoloxía avanzada a zonas que quedaron illadas da rede por escaseza de poboación ou polo seu difícil acceso e que, na actualidade, continúan sen ningún tipo de cobertura móbil.

O grupo Orange construirá un total de **82 novos emprazamentos** cun investimento de **18,4 M€**, dos que as axudas financian 12,2 M€. O propósito final, que a conectividade e as oportunidades da dixitalización non sexan unha vantaxe exclusiva do mundo urbano, que cheguen tamén ata o último recuncho da España rural e que os seus habitantes e empresas poidan competir en igualdade de condicións a todos os niveis. Territorio, oportunidades e cohesión para que o lugar onde viven as persoas non determine ata onde poden chegar.

Activismo rural de R en Galicia: compromiso de cobertura e conectividade

O novo plan *5G Redes moi rurais* é un paso máis tras o programa *UNICO 5G Redes Activas*, financiado polos fondos NextGenerationEU, que **R** completou este ano e mediante cal levou a mellor tecnoloxía 5G a **245 municipios galegos de menos de 10.000 habitantes.**

De feito, o **97 % da poboación dispón de 5G** en Galicia con Orange e **R** e ao final do ano falaremos dunha cobertura practicamente total que acabará coa fenda dixital no territorio.

Grazas ao plan *UNICO 5G* e a outras implementacións levadas a cabo dende hai anos por **R** en zonas de difícil acceso, distintas localidades pouco poboadas ou apartadas dispoñen xa de altísimas velocidades e os/as seus/súas habitantes poden traballar en remoto ou ver a televisión coa máxima calidade, ao mesmo nivel ca en cidades grandes.

R, marca de referencia de Orange en Galicia, subscribe outra vez o seu **compromiso de cobertura** para facilitar o acceso de toda a poboación galega ás novas tecnoloxías e que ningunha persoa nin empresa teña menos oportunidades para competir e conectarse co mundo. En 2026 ese compromiso esténdese, co servizo cachocobertura **R**, a interiores de inmobles de diversas localidades galegas onde a rede móbil non chega ou nos que hai problemas de conectividade polas súas características arquitectónicas ou urbanísticas.

Alfredo Ramos, director de **R** e responsable territorial de Orange en Galicia, destacou «*a importancia de compartir con administracións públicas e institucións este compromiso coa conectividade do territorio, para falar realmente de igualdade de oportunidades e que calquera persoa en Galicia poida formarse, traballar e emprender dende o rural en condicións similares ás das cidades. O activismo rural de* **R** *e de Orange consiste en pór a tecnoloxía ao servizo da poboación, do campo, da industria agroalimentaria e da sostibilidade, facilitando que o talento quede no rural ou volva a el para crecer e liderar*».

Rematar coa fenda dixital foi, dende o principio da súa andaina, unha das razóns de ser de **R**. O operador galego mantivo sempre –e reforza aínda máis con Orange– a súa decidida aposta polo desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico de Galicia, que se ten concretado en máis de **2.300 M€ de investimento histórico** acumulado polo grupo no territorio ao longo da súa traxectoria.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal